# O NOSO LUGAR






CURSO 2018 - 2019

¡Hola chicos! ¿Sabéis quién soy?
Pues sí, soy una jirafa y os voy a contar mi historia:
Yo vivía en un bosque de África, pero como de pequeña siempre fui un poco desobediente, un día me perdí en el medio del bosque y no encontré nunca más a mis papás. Entonces comencé a andar y a andar y llegué a Lugo. Lo primero que vi al llegar fue un río muy grande, y como traía tanta sed y venía tan cansada me paré a beber y a descansar en la orilla.
Después pensé: "Me gustaría conocer esta ciudad". Di una vuelta y llegué al barrio de Paradai. Allí vi un cole que tenía un campo, árboles… y como a mí me gusta tanto comer hierba y hojas dije: "PUES ESTE SERÍA UN BUEN SITIO PARA QUEDARME A VIVIR, PERO… me voy a aburrir, yo aquí solita no sabré qué hacer".

Pero como yo tengo muy buen oído, escuché unos ruidos

De niños (cantando, leyendo, jugando) y dije:
"Si me dejaran estar con ellos seguro que lo pasaría genial y aprendería un montón de cosas".
Pero tengo un problema, se me olvidó el nombre que me pusieron mis papás cuando nací y YO QUIERO TENER UN NOMBRE.
Seguro que vosotros me podéis ayudar a encontrarlo. Estoy segura de que nos lo vamos a pasar genial, yo os contaré muchas historias de mi familia.
Quiero ir a visitaros y quedarme con vosotros para siempre, y espero que ya sepáis cómo llamarme.

Un beso y un abrazo de jirafa.



# COLEXIO PARADAI

No colexio Paradai durante estes últimos anos fixéronse modificacións para acoller aos nenos que chegaron novos entre elas distínguense: frases de igualdade en distintos idiomas, escalóns decorados con lemas inspiradores, recreos dinámicos onde todos somos iguais, Patuca a mascota do colexio que nos ensina a respectar tanto aos recen chegados coma a os profesores e a os compañeiros, visita as residencias representando obras e cancións para os maiores, apadriñamentos de nenos, intercambios de libros no día do libro, graffitis no pavillón , traballos para o día da paz e para o nadal, baños renovados,vinilos nas portas de infantil, mural contra a violencia de xénero baseándose na canción da porta violeta, obras de don Quixote, graffitis nas paredes e papeleiras do patio, pizarras no patio de infantil, canción de percusión para o día da paz e moitas cousas máis que o colexio nos aporta e que sempre se procura que todos traballemos con harmonía e respecto.



















SAIDA


NON







# Lulú

Érase una vez una perrita que se llamaba Lulú.

Un día, se puso malita. su dueña, Telma, la llevó al veterinario.



Allí, la perrita se curó porque se tragó un tornillo mágico.



Lulú y Telma se fueron a celebrarlo a un parque de perros.



1º B

# As aves

As aves son animais vertebrados e ovíparos. Teñen o corpo cuberto de plumas. Moitas viven na terra e algunhas na auga. Teñen dúas patas un bico e dúas ás. A maioría poden voar.

## CURIOSIDADES

Falcón peregrino: É a ave máis veloz.





**Avestruz:** É a ave máis grande e veloz porque se desplaza correndo.

**Pavo real:**
Os machos teñen unha cola grande e preciosa que abren para conquistar ás súas femias



**Colibrí:**

Abetea tan rápido que non se lle ven as ás.



**Pingüín:**

É a ave máis rápida debaixo da auga.



2º A

# CASAMENTO DA PULGA

De Antonio Fraguas



Unha pulga e unha mosca
trataron de se casar,
fixeron as bodas xuntos
e faltáballes o pan.



Saíu a formiga
do seu formigueiro.
- Se queredes pan,
eu son panadeiro.

-Agora meniña
pandiño xa temos.
Fáltanos o viño,
onde o toparemos?

Ana 2º A

Saíu a mosquita
da seu mosquiteiro.
- Se queredes, reiña,
eu son arrieiro.



- Agora meniña
reiniña xa temos.
Fáltannos manteis,
onde os toparemos?



Saíu a araña
da súa arañeira.
-Se queredes manteis,
eu son tecedeira.

Agora meniña
manteis xa che temos.
Fáltanos a carne,
onde a toparemos?



Saíu o lobo
detrás dun outeiro.
-Se queredes carne,
eu son carniceiro.

MATEO 2ºA

– Agora meniña,
cariniña xa temos.
Fáltanos padriño
onde o toparemos?

Saíu o rato
por detrás do muiño.
– ¡Agarrade o gato,
eu serei padriño.



Agora meniña
padriño xa temos.
Fáltanos madriña,
onde a toparemos?



Saíu unha ra,
pola auga fría
– Mandade recado,
eu serei madriña.

Agora meniña,
madriña xa temos.
Faltan os danzantes,
onde os toparemos?

Marta 2ºA

Saíu o sapo
moi arrogante.
No día da voda
eu serei danzante.



Foi un casamento
moi, moi divertido.
Alí tivo entrada
todo bicho vivo.

Laura 2ºA



# Bolboreta





Nunha flor branca,
unha bolboreta
fúgase, arranca,
voando a unha rosa.





E de rosa en rosa,
de xazmín en xazmín,
vai a bolboreta
por todo o xardín.





De súpeto, escóndese,
buscándoa miro,
e xa non sei onde,
foise nun suspiro!





Non sei se marchou,
non sei se regrese.

Ou tal vez parou,
e tamén florece?



Miguel Moreno



# Las hormigas





Un hilo de hormigas
como en procesión
pasa por el patio
bajo el girasol.

Parece que viaja
sin luz ni motor,
un tren infinito
que nos dice adiós.

¡La cueva está lejos
como una estación!
Quisiera contarlas.
¡Ya pasan de cien!

Son mil vagoncitos
al anochecer.

¡Cuidado, amiguito!
No acerques el pie,
que se descarrila
mi pequeño tren.



2ºB

Ernesto Rodríguez





**<u>Cóntannos na clase de TERCEIRO A:</u>**

Fixemos un pequeno experimento: a capilaridade nas plantas.

A capilaridade é a propiedade que teñen os líquidos para ascender a través dun tubo delgado contra a forza da gravidade.
Esta propiedade aproveitana as plantas para transportar a auga e as sales minerais.
O que fixemos para demostrar este fenómeno físico foi o seguinte:



Primeiro botamos un pouco de auga nun recipiente e engadímoslle colorante alimentario de cor azul (que é o que mellor tinxe).

A continuación introducimos un caravel de cor branco dentro do recipiente.



Ao pouco tempo, observamos que a flor estaba cambiando de cor;
Finalmente acabou poñéndose totalmente azul!!!

Podedes ver o vídeo no seguinte enlace:

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipparadai/taxonomy/term/5

# Curiosidades sobre os mamíferos

## Sabías que...

- No afundimento do Titanic salváronse dous cans?
- En China, castígase coa morte a quen mate a un oso  panda?
- A lingua dunha balea azul pesa o mesmo que un elefante?
- O mamífero máis pequeño do mundo é a musaraña?
- O aullido dun lobo pódese oír a 9.5 kilómetros de distancia? 
- se lle cortas os bigotes a un gato, perde o equilibrio e cae?
- Aínda que o seu pelo é branco, a pel do oso polar é negra.
- O embarazo dunha elefanta dura dous anos.
- Aínda que a xirafa ten un cuello longuísimo, só ten 7 vértebras nel, igual que os humanos.



- As raias dun tigre son únicas; non hai dous tigres coas mesmas raias (igual que as nosas pegadas dactilares)
- O mamífero terrestre máis grande é o elefante africano



- Unha rata pode estar nadando ata 80 horas seguidas.
- Un xabaril pode detectar ao seu inimigo a 200 metros de distancia.
- Un esquío pode saber se un froito seco está bo ou malo simplemente oléndoo.



Por 3º B

Nesta ocasión os nen@s de 3 años visitamos aos animais da granxa. Para non esquecernos deles compuxemos un móbil.















*Deixamos aos animais da granxa e sumerximonos no mundo acuático…*
















# Os nenos e nenas de 5º A e B de educación infantil, aprendemos un montón de cousas:






Descubrindo











E.I : 5º A-B

A infinita riqueza da nosa comunidade

# PASTA DE SAL

FARIÑA
SAL
AUGA

PINGA DE COR





AMASAMOS

MOLDEAMOS

MESTURAMOS

E.I : 5º A-B

# COUSIÑAS BEN CURIOSAS DOS PEIXES

E.I : 5º A-B





















# CELEBRACIÓN LETRAS GALEGAS
# EDUCACION INFANTIL - 2019

OS TRAXES, OS INSTRUMENTOS















CARLOTA
E
MIGUEL

ENSINÁRONNOS COUSAS DA NOSA CULTURA.

OS SEUS NOMES

OS SEUS SONS





¡ TAMÉN BAILAMOS !







¡ E QUÉ BEN O PASAMOS !







# Os insectos



Adiviña

o que é...



unha Señora moi
lista que no inverno
non marea, pero no
verán puñetea.
É a...

Un convento bien cerrado
sin campanas y sin torres,
y muchas monjitas dentro
preparan dulces de flores.
Son las...

¿Qué animal vai pola vida
cos pés na cabeza?
É o...

ten unha lampariña
de luz verde
e cando é de noite
a lampariña acéndese.
É a...

Pequeniño e danzarín,
pasa as noites rondando
ca lanza e o cornetín.
É o...

Salta y salta por los montes,
usa las patas de atrás,
su nombre ya te lo he dicho,
fíjate y lo verás.
Es el...

¿Cuál es el animal que al ponerse
Cara arriba cambia de nombre?
Es el...

Voa polo aire
e bica as frores,
Vai dando palmas
cas súas ás de cores.
É a...

Cen damas por un camiño
e non fan po nen
remuiño.
Son as...

Son vermella como un rubí
e teño pintiñas negras,
atoparasme no xardín,
nas frores ou nas herbas.
Son a...

**NENOS E NENAS DE 6º A DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

# GALICIA, a nosa terra




*"Cada día mais linda mais linda cada día mellor e mellor! "*

A nosa terra: Descubrimos onde está, como é, que temos e coñecemos moitas das súas tradicións.

## O entroido galego

Tempo de risas, de xuntanzas, de traxes, de máscaras  e de doces tradicionais da nosa terra. Para coñecelos a fondo elaboramos filloas e paso a paso, saíronos deliciosas.







## Fauna e flora de Galicia

As vivenzas son a mellor forma de aprender e por iso saimos a natureza para coñecer os recunchos da nosa terra.



## Datas especiais

Celebrando as datas do calendario nas que sempre acontece algo divertido que fai eses días máis especiais. Mostramos algunha delas e o ben que o pasou o alumnado.





Día da paz
30 de Xaneiro

Día da auga
22 de Marzo







Día do libro
23 de Abril



Día da árbore
24 de Abril





Día das Letras Galegas
17 de Maio



# Os nosos amigos do mar

## LIBRO VIAXEIRO

As familias forman parte do noso día a día e por iso, no proxecto sobre os animais mariños, contamos coa súa axuda. Ademais, o noso amigo Marino acompañounos en todo o proceso.



# O noso *lapbook* dos peixes



Na escola aprendemos xogando e experimentando cunha nova actividade para descubrir os peixes.















Medio círculo
será a cabeza,
unímoslle un rectángulo
Poñémoslle cornos, orellas,
beche, catro patas e
rabo.



Quen é..?

Como é..?





Corpo redondo,
redonda a cabeza,
nel todo é redondo



Cun oito e un nove
debuxo o animaliño.
Orellas moi grandes,
ollos redondiños,
patas, rabo, crina, fuciño
e a caminar polo mundo.



De cabeza un rombo,
de corpo un cadrado,
so lle falta o rabo.

AULA A.L.






Cando non malgastas a auga protexes a vida

Non se da valor a auga ata que seca o pozo

Auga que hei de beber,
non a enturbiarei

A auga é a forza motriz de toda a natureza

Moitas persoas sobreviven sen amor,
Ninguna sen augua




# Auga fonte de vida

Auga clara
que corre, que baixa
que sobe, que cae
que muda de forma
constantemente



Alumnos/as 4º A

# A DINOCLASE DE 5º B

Este curso, na nosa clase investigamos sobre os dinosaurios, este é un pequeno resumen e dende aquí aproveitamos para despedirnos.



¡¡VOLTAREMOS EN SETEMBRO ¡!



# Velociraptor: Ladrón veloz



Eu son Pablo, teño 11 anos, son parte da Dinoclase de 5ºB. As miñas aficcións son a historia, o xadrez e as matemáticas. Gustaríame estudar matemáticas e historia como hobby. Este ano tivemos que investigar os dinosauros. Xuntos somos un grupo grande e para lograr as cousas cooperamos uns a outros. Son un velociraptor, o meu dinosauro favorito. Presentarei ao meu novo amigo.

Ola meu nome é Velociraptor, son un animal vertebrado da clase dos réptiles. Vivín no período Cretácico, podo medir dous metros de lonxitude e a miña altura media son 70cm, peso 20kg e son asiático.
Aliméntome de pequenos herbívoros e mamíferos. Se a presa é maior ca min, atacamos en manada e ao mesmo tempo.
Diferénciome dos demáis dromesáuridos, por a miña cabeza chata e estreita. Os velociraptores tamén caracterizámonos por a nosa intelixencia.
Son un depredador nato e ataco saltando sobre a miña presa, cravándole unha garra retráctil de 11cm, son capaz de saltar 3 veces a miña altura e podo correr a 60km/h en campo aberto.



# DILOPHOSAURUS
## Reptil con dos crestas



. O meu nome é Fátima Zahraa Attouch, este curso volvín de novo a escola porque estive dous cursos en Marrocos.
A miña clase é 5°B que se denomina como "A Dinoclase de 5°B" debido a que este ano temos que investigar sobre os dinosaurios.
As miñas aficcións son: patinar, xogar a corda, mais tamén gústame estudar, de maior quero ser médica.
O meu dinosaurio favorito é o Dilophosaurus.
O meu nome é Dilophosaurus Fátima, vivín fai 190 millóns de anos, a finais do período Triásico, pertenzo ao Reino animal, vertebrados, da clase dos reptiles, mido 7 metro de longo e 3 metros de altura, peso ao redor de 450 Kg e vivín en Arizona e China.
Como non teño boa vista, utilizo o olfato para cazar, como sobre todo carroña, son o mais antiguo dos dinosaurios carnívoros.





# PTERANODON
## Alado sin dientes

Pteranodon Javier

Eu son Javier Pacheco, pertenzo a "Dinoclase"
Coa maioria dos meus compañeiros, estou dende que tiña 3 anos, pero tamén chegaron novos doutros paises.
Gústame o deporte en xeral, de maior espero estudar INEF, pero tamén quero estudar xeografía e actualmente ler, libros de Harry Potter e... Non me gusta debuxar, ainda que farei un esforzo e debuxarei o meu dinosaurio o: Pteranodon.

"Alas sen dentes" Vivin en norteamérica e Europa afinais do Cretácico, cheguei a medir uns 9 metros de envergadura, non tiña dentes, a miña crista equilibraba o peso do meu longo pico, que utilizaba, a miña cola non a podia utilizar porque era moi curta.

Alimentabame de peixe, fun un gran pescador, utilizando o meu pico, largo, estreito e rematado en unha punta aguda.

Da mandigula inferior, colgandome unha bolsa onde gardo o peixe que capturo. As miñas patas son moi debiles e non poido camiñar moito. As femias son mais pequenas cos machos.





# TRICERATOPS
## - Rostro con tres cuernos

Son Lúa Muiño Rega, teño 10 anos.
Gústame debuxar, ler, os animais, as tormentas, o universo...
Este curso, aparte de todas as actividades que fixemos no colexio, aprendín moitas cousas novas.
Viñeron novos compañeiros de distintas partes do mundo, e algúns fóronse.
Agora os deixo con meu dinosauro preferido... Triceratops!!!

Meu nome é Triceratops. Pertezo ao Reino animal. Son un vertebrado da clase dos réptiles. Nacín no periodo Cretácico. Podo chegar a medir 9 metros de lonxitud e 3 de altura. Peso alrededor de 5 toneladas.
Vivín en América do Norte fai 64 millóns de anos.



# APATOSAURUS: Reptil despistado



Son Noa Vázquez, teño 11 anos. As miñas afeccións son: montar a cabalo. Gústanme os animais e sobretodo quedar coas miñas amigas, miña millor amiga é Lucía.

Este curso, aprendín moitas cousas que non sabía, paseino moi ben, fixemos moitas actividades como parkour, gravity... e entre as cousas que estudamos, unha delas foi os dinosaurios, chámase Apatosauro.

Pertence o Reino animal, é un reptil, vertebrado de 21 metros de lonxitude, 3 metros de alto e un peso de 20 toneladas. Viviu en América do Norte no período Xurásico; alimentábase de vexetación.

O seu corpo era moi grande, tiña a cabeza pequena e o pescozo groso.

Defendíanse coa súa cola cando os atacaban e as súas patas son como as dos elefantes.

Viviu fai 152 millóns de anos.



# QUIRAPTOR
## Ladrón de Ovos



Chámome Iker Santiso e formo parte da clase de 5ºB, A Dinoclase. Teño 11 anos e os meus hobbies son os deportes, especialmente o fútbol, e tamén gústame xogar e estar cos meus amigos. De maior gustaríame ser notario, aínda que teña que estudar moitísimo, é algo que me gusta e non quero perder a pasión. Tivemos que facer un traballo sobre os dinosaurios. Eu teño que facer a historia dun deles. Somos un gran grupo e, xuntos, faremos un traballo espectacular.

O meu dinosaurio é o Quiraptor, chámanlle o ladrón de ovos, viviu en Mongolia. Era unha mezcla de ave-dinosaurio, utiliza as ás para protexer os ovos que os empollaba, non tiñan dentes pero os sustituía por un pico curvo. A forza das súas mandíbulas era forte dabondo para destruír cunchas de bivalvos. As súas pernas permitíronlle correr ata 69 Km/h e pesaban 11 kg. Mediu 2 m de longo e 1'5 m de alto. Este dinosaurio viviu ao final do cretácico.



Scanned with CamScanner

# ALBERTOSAURUS
## Reptil de Alberta



Son Abdel Kafi teño 12 anos, son de Siria e levo aquí dous anos e medio, primeiro estiven en Sarria e agora estou no C.E.I.P Paradai. Os meus compañeiros chamanme Kafi porque é máis curto.

As miñas aficcions son os deportes e a informática.

A miña clase é 5ºB, a clase dos dinosauros, fixemos neste curso moitas actividades, e entre elas o estudo dos dinosauros, que tamén foi o noso disfraz no entroido.

Eu vouvos a contar algo do Albertosaurus



Vivín fai 70 millóns de anos a finais do Cretácico en América do Norte. Poido chegar a medir 9 m de longo e 5 m de alto e pesar 4 t. Pertenzo a familia dos tiranosaurus, teño unha forte mandíbula con dúas filas de dentes do tamaño de navallas.

Cando collo as miñas presas, mordoas con forza na nuca

# BRACHIOSAURUS
## Reptil con brazos.



. Son Anxo Pereira, teño 10 anos, gustanme as matemáticas e a informática, que me gustaria estudar no futuro, o deporte, adestro a atletismo e xogo ao fútbol, no Sagrado Corazón. Os meus compañeiros son xeniais, somos un gran grupo, decidimos chamarnos "a dinoclase de 5ºB" en honra aos dinosauro. O meu disauro preferido é: o Brachiosaurus

O meu nome é Brachiosaurus que significa reptil con brazos, son da clase dos reptiles, vivín no periodo Xurasico e Cretácico. Teño unha lonxitude de 25 metros, teño unha altura de 12 metros e peso entre 54 e 55 toneladas e vivín en Norteamérica, Europa, África e Ásia. Alimentábame das follas mais altas das árbores. Vivin en manada fai 152 millons de anos a finais do Xurásico e a principios do Cretácico



## POLACANTHUS: Muchas espinas



Son Lucía López, teño 10 anos. As miñas aficións son: bailar, debuxar e sobre todo ler polas noites. De maior gustaríame ser mestra ou peluqueira.

Este ano na clase pasaron moitas cousas divertidas, viñeron xente nova, ... fomos a moitos sitios e aínda quedánnos a excursión de fin de curso. Por o Entroido disfrazámonos de dinosauros, a nosa clase chámase a Dinoclase de 5ºB. Eu son o Polacanthus, o meu dinosauro favorito. Creo que este ano foi o meu preferido.

Son Polacanthus Lucía, a miña clasificación e o Reino animal. Son un vertebrado e un réptil. Vivín no período Cretácico. De lonxitude mido 4 metros e de altura 1 a 2 metros. Peso 900 kilogramos e estiven en Gran Bretaña. Teño longas púas dorsais, tamén unha longa e pesada cola. A miña pel e dura con pequenas placas. Camiño a catro patas e poido correr a gran velocidade. Vivín hai 120 millóns de anos, ao comezo do Cretácico. Son herbívoro e aliméntome de fentos. E así acaba a miña presentación.



## PLATEOSAURUS
## Reptil plano



Bos días! Son Zeltia, da dinoclase de 5ºB, gústame moitísimo a astronomía, a música, bailar, o inglés e xogar con algúns amigos e amigas.
Teño doce anos, xogo no equipo feminino de fútbol do SCD Milagrosa, alí son alevín de segundo ano, entreno con infantiles e cadetes.
Volvendo á Dinoclase, fixemos actividades divertidas como parkour e baile con dous mozos de Gravity. Viño xente de distintos lugares do mundo, pero tivo que marchar. Este ano tocounos un traballo sobre os dinosaurios, aquí despídome co meu dinosaurio: o Plateosaurus!



Vivín no Triásico superior, en Europa, podía chegar a medir ata 10 m. de lonxitude e 3 m. de altura e pesar 700 Kg.
Son herbívoro, e era capaz de manterme a catro patas, o meu pescozo era moi longo o que me permitía comer follaxe das árbores altas.
Fun o primeiro gran dinosaurio hai uns 210 millóns de anos.

## TSINTAOSAURUS
### Reptil de Tsintao (China)



Eu son Alba Pérez, teño 11 anos, nacín en Lugo. As miñas aficións son:
Ver os partidos do Breogán (o equipo de baloncesto de Lugo) xogar a este deporte, leer (especialmente Harry Potter), estar coas miñas amigas, entre elas, coa miña mellor amiga Lúa (sobre todo cando facemos festas de pixamas). Este ano creo que foi un dos mellores da miña vida e espero ter máis anos así.
A miña clase é xenial, polo que a min respecta, temos a mellor profesora do colexio.
A pesar de irse algúns compañeiros, tamén viñeron outros. Espero que o curso que ven polo menos sexa como este, pero seica que será mellor.
Agora, señores e señoras vouvos presentar a...
o "TSINTAOSAURUS ALBA"!
Ola, o meu nome é "TSITAOSAURUS ALBA", peso 3 toneladas, vivín en China, no Cretácico, e pertenzo ao grupo dos vertebrados



## NODOSAURUS
### Reptil nudoso



Chámome José Luis, teño 12 anos, de maior quero ser bombeiro. Gústame xogar ao fútbol, ir ás festas para escoitar as orquestas sobre todo a París de Noia.
Vou falar dun dinosaurio chamado Nodosaurus. Viviu no Cretácico en América do Norte, era herbívoro. Tiña o corpo cuberto dunha coraza chea de nodulas.



## PACHICEPHALOSAUROS



Eu son Oballa Montoya, teño 11 anos gústame cantar, bailar e xogar ao parchís.
Estou na clase de 5ºB do colexio "Paradai"
A Dinoclase, este ano estamos a facer un traballo sobre os dinosaurios, eu son Pachicephalosaurus Eu son un vertebrado unha clase de reptil mido 8 metros de longitud 4 metros de altura peso 1 a 3 toneladas e vivo en América del Norte.
Vivo hace 65 millons de anos, a finales do cretácico.
Eu son un herbívoro que se achudaba das súas patas delanteiras para recoller os vegetales que máis lle gústaba; se alimenta non só de plantas, senon tamén de sementes, froitas e probablemente, insectos. Despois os seus dentes actuan como unha serra, triturando o alimento.



## DIPLODOCUS
– Doble viga



Chámome Sheraz teño 11 años, son de Pakistán, dende outubro ata marzo estiven alí. Gústame fútbol e debuxar, tamén a informatica. Este curso aprendemos moitas cousas sobre ou dinosaurios, eu vou falar do Diplodocus.

—Chamome así, porque ten doble osos na cola, o meu pescozo pode chegar a medir 7 metros e medio e conten 15 vertebras, teño as patas robustas coma pilares. Case todos os dedos das manos rematan en cascos, menos o dedo interior que ten unha gran gorra, a miña cola pode derribar a un rival con o un golpe.



SAUROLOPHUS

Reptil crestado



Eu son Abdelilah e formo parte da Dinoclase de 5º B. Éramos 19 compañeiros, agora só somos 17, eu cerro a lista.
Gústame o fútbol, e a historia.
De maior quero ser comerciante, pero, tamén futbolista. Son moi feliz aquí, aínda que a miúdo a mestra ríñame de vez en cando polo meu mal comportamento, pero aínda así, ¡son moi feliz!, como feliz foi o Saurolophus.

Eu son o Saurolophus, vivín no Cretácico fai 75 millóns de anos.
Vivía en America do Norte e Asia, podo chegar a pesar 3 toneladas, 12 m de longitud e 4 m de alto. Na cabeza teño unha coronilla, una prominente crista osea rematada nun pequeno pitón, a boca ten forma de pico que utilizo para cortar e almacenar o alimento, mentras que coas multiples filas de dentes os trituraban.



TIRRANOSAURUS

Reptil tirano



. Eu son Alex, teño 10 anos e son membro da Dinoclase de 5ºB. Este ano tivemos que investigar sobre os dinosaurios. Os meus hobbies son ir ver os partidos do Lugo, xogar cos meus amigos e o deporte. O próximo ano probablemente cambie de escola. De maior quero ser xornalista deportivo. Aquí os deixo co meu dinosaurio favorito: O Tirannosaurus Alex.

. Eu son o Tyrranosaurus Alex e o meu nome significa reptil tirano. O tyrannosaurus era un animal vertebrado da clase dos reptiles. Viviu fai uns 67 millóns de anos, a finais do Cretácico. Era o máis grande dos carnívoros. Era corpulento que corría largas distancias. A súa pel era grosa, con protuberancias e escamas, como as dos cocodrilos. A miña ubicación é de América do Norte e Asia. A miña altura é de 5 metros, o peso, 6 toneladas e lonxitude é de 13 metros.
Alimentábase tanto de carroña coma de presas vivas.



Scanned with CamScanner

# DÍA DAS ARTES GALEGAS




*O día das Artes Galegas é unha celebración instituída pola Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2.015.*

*Este ano, dedicóuselle ao pintor, debuxante, gravador e escritor, **Luis Seoane,** un arxentino, fillo de galegos que regresaron a Galicia sendo el un neno e residiron na Coruña.*

*Luis Seoane foi un artista que transformou de forma significativa o arte que se facía en Galicia achegándoo á modernidade. Foi un dos pioneiro na creación estética céltica pola utilización nas súas obras de espirais, círculos, liñas entrelazadas, serpes, guerreiros celtas etc.*



*Un dos cadros importantes de Luis Seoane é o titulado "AS MARISQUIRAS" que este ano cumpre 50 anos.*

*AS MARISQUEIRAS é unha escena ao aire libre que representa a catro mulleres, dúas no primeiro plano e as outras dúas no segundo plano. As figuras aparecen baixadas ,recollendo os mariscos. Unha imaxe na que domina a cor á que se lle engaden liñas e características moi simples que complementan os planos cromáticos.*




*Os alumnos e alumnas de 6º B fixeron unha interpretación deste cadro das marisqueiras e compuxeron este mural.*

*Rakia, Pablo F.,Fernando, Anum, Antón, Sofía, Yovania, Miguel, Liver, Xoel, Lucía, Iván, Cristian, David, J. Carlos, Ángel, Angélica, Pablo V. e Gaia.*

## 6ªA DESPÍDESE



*Chegou a hora de marchar*
*e despedirnos do C.E.I.P. PARADAI*
*Como non queremos chorar ,*
*imos escribir algo que soe … medio guai !*

*Con tres anos comezamos*
*no patio de INFANTIL…*
*Con doce rematamos*
*porque ao instituto imos ir !*

*O primeiro curso de Infantil*
*estrenamos mandilón ,*
*atopando AMIGOS mil*
*que hoxe mantemos con ilusión .*

*No PATIO AZUL pasamos*
*momentos moi divertidos ...*
*Que cansos rematabamos*
*de tanto andar nos triciclos !*

*Cando PRIMARIA comezamos*
*no horto fomos sachar ...*
*O ledos que nos poñiamos*
*cando nos tocaba prantar !*

*Moitas SAÍDAS fixemos ,*
*a Sotavento unha delas :*
*un muíño visitamos*
*e case as estrelas viamos !*

*Todos os anos o ANTROIDO*
*moi implicados celebramos:*
*de azafatos ,costureiras*
*ou xastres nos disfrazamos !*

En 5ª un CIRCO fixemos
e todos os do cole viñeron…
Tan ben nos coordinamos e movemos…
que todas as persoas aplausos nos deron !

Non queremos esquecer
todo o teatro que fixemos…
Dentro ou fóra do escenario,
… ben merecemos un premio!

Co noso lema rematamos
e moitas GRAZAS vos damos.
Sempre nos nosos corazóns !!!!
Lembrarémonos de vós !!!!

*Elisa* *Abdessamad* *Natalia* *Hugo*

*Ainara* *Sofía*
*Javier* *Aitami* *José Miguel* *David*

*Alejandra* *Dani* *Carlota*

*Gisella* *Adolfo* *Andrea* *Lázaro* *Sergio*



*Grazas ,Ceip  Paradai !*

***SE ACEPTAMOS***

***A  XENTE COMO  É ,***

***COMEZAMOS***

***CON  BO  PÉ.***

# RECORDOS DO NOSO COLEXIO, O CEIP PARADAI

O alumnado de 6ºB que este curso
deixan a primaria
deixamos tristes o colexio
e ímonos a secundaria.

A maior parte de nós
nove anos levamos aquí,
parece moito tempo
pero non nos queremos ir.

Cando tiñamos tres anos
a infantil temerosos chegabamos
e aos poucos días de entrar
todos felices estabamos.

Cando tivemos seis  anos
unha nova etapa comezamos,
eramos moi maiores
e a primaria nos incorporamos.

En primaria superamos
todas as etapas,
agora outras novas
e interesantes nos agardan.



Chegamos  pequenos
coma paxariños,
agora que somos xigantes
temos que voar a outros niños.

As profes moita paciencia tiveron
e moitas cousas nos ensinaron
que todos con ilusión aprendemos
ao mesmo tempo que xogabamos.

Ensinástesnos moitas cousas,
grandes coñecementos,
experiencias alleas ou propias
sen escatimar esforzos.

A todas as nosas profes
con cariño vos deixaremos
e cando nos sexa posible
unha visita vos faremos.

6º B

*Rakia, Pablo F., Fernando, Anum, Antón, Sofía, Yovania, Miguel, Liver, Xoel, Lucía, Iván, Cristian, David, José Carlos, Ángel, Angélica, Pablo V., Gaia.*




CEIP PARADAI
Nós estamos no camiño e ti?
O VINDEIRO CURSO MÁIS!